

EXERCICIO DE APOIO.

Unidades 1 e 2.

Exercicios de opción múltipla con unha ou varias respostas

1 Os niveis de organización dos seres vivos son

A	<input type="checkbox"/>	Atómico, molecular, celular, organismo, ecosistema
B	<input type="checkbox"/>	Atómico, subatómico, celular, organismo, ecosistema
C	<input type="checkbox"/>	Molecular, celular, organismo, poboación, ecosistema
D	<input type="checkbox"/>	Atómico, molecular, organismo, poboación, ecosistema

2 Os elementos químicos presentes nos seres vivos en moi pequenas concentracións son

A	<input type="checkbox"/>	Bioelementos
B	<input type="checkbox"/>	Bioelementos primarios
C	<input type="checkbox"/>	Bioelementos secundarios
D	<input type="checkbox"/>	Oligoelementos

3 Entre dous átomos de hidróxeno ou dous de osíxeno fórmanse

A	<input type="checkbox"/>	Enlaces covalentes
B	<input type="checkbox"/>	Pontes de hidróxeno
C	<input type="checkbox"/>	Enlaces iónicos
D	<input type="checkbox"/>	Ningún dos citados

4 A auga

A	<input type="checkbox"/>	Presenta certa disociación das súas moléculas
B	<input type="checkbox"/>	Presenta unha tensión superficial elevada
C	<input type="checkbox"/>	Presenta baixa calor latente de fusión
D	<input type="checkbox"/>	Ten variación anómala da densidade

5 O xeo flota na auga debido a que

- | | | |
|---|--------------------------|--|
| A | <input type="checkbox"/> | Todos os sólidos flotan na auga |
| B | <input type="checkbox"/> | A densidade da auga é anómala |
| C | <input type="checkbox"/> | A temperatura de ambos os dous é diferente |
| D | <input type="checkbox"/> | Ningunha das razóns citadas |

6 As moléculas de auga entre si forman enlaces

- | | | |
|---|--------------------------|---------------------|
| A | <input type="checkbox"/> | Iónico |
| B | <input type="checkbox"/> | Covalente |
| C | <input type="checkbox"/> | Pontes de hidróxeno |
| D | <input type="checkbox"/> | Ningún dos citados |

7 Os bioelementos primarios

- | | | |
|---|--------------------------|---|
| A | <input type="checkbox"/> | Constitúen o 96% do total da materia viva e son C, H, O, N, S e P |
| B | <input type="checkbox"/> | Constitúen o 90% do total da materia viva e son C, H, O, N. |
| C | <input type="checkbox"/> | Interveñen en grandes cantidades |
| D | <input type="checkbox"/> | Constitúen o 66% do total da materia viva e son C, H, O, N, S |

8 O Fluor e o Selenio

- | | | |
|---|--------------------------|----------------------------------|
| A | <input type="checkbox"/> | Son oligoelementos esenciais |
| B | <input type="checkbox"/> | Son bioelementos secundarios |
| C | <input type="checkbox"/> | Son bioelementos primarios |
| D | <input type="checkbox"/> | Son oligoelementos non esenciais |

9 Glícidos, lípidos, proteínas son

- | | | |
|---|--------------------------|--------------------------|
| A | <input type="checkbox"/> | Biomoléculas inorgánicas |
| B | <input type="checkbox"/> | Bioelementos primarios |
| C | <input type="checkbox"/> | Biomoléculas orgánicas |
| D | <input type="checkbox"/> | Oligoelementos |

10 Alta calor específica e alta calor de vaporización son

A	<input type="checkbox"/>	Funcións da auga
B	<input type="checkbox"/>	Propiedades da auga
C	<input type="checkbox"/>	Propiedades dos sales minerais
D	<input type="checkbox"/>	Funcións e propiedades da auga
11 Que a auga sexa un dipolo facilita		
A	<input type="checkbox"/>	A termorregulación
B	<input type="checkbox"/>	A variación de pH
C	<input type="checkbox"/>	Capilaridade
D	<input type="checkbox"/>	A unión entre moléculas
12 A presenza de sales permite		
A	<input type="checkbox"/>	Que se disolvan determinadas proteínas insolubles
B	<input type="checkbox"/>	Que se evapore mellor a auga
C	<input type="checkbox"/>	Que se disolvan peor as proteínas
D	<input type="checkbox"/>	É indiferente

PROPOSTA DE TRABAJO.

<p>Unidades 1 e 2.</p> <p>DEFINIR</p> <p>Dipolo Difusión Bioelemento pH Oligoelemento Ácido Tampón Sol Osmose Xel</p>	<p>Cuestións:</p> <p>* <i>Que calidades presenta o carbono para ser un elemento básico na vida?</i></p> <p>* <i>Que calidades presenta a auga?</i></p> <p>* <i>Importancia biolóxica da auga.</i></p> <p>* <i>Diferenza entre un enlace covalente e non covalente; dicir quen os presenta.</i></p> <p>* <i>Importancia dos sales minerais</i></p> <p>* <i>Por que unha folla de leituza está máis firme, tenra e fresca ao tela mergullada na auga?</i></p> <p>* <i>Por que o xeo flota na auga?</i></p> <p>* <i>Que importancia biolóxica trae consigo que as augas da superficie e do fondo se invirtan dúas veces no ano?</i></p> <p>* <i>A que se debe a estabilidade externa e interna da auga ante as fluctuacións da temperatura? Que importancia biolóxica ten?</i></p> <p>* <i>Cal é a importancia do pH nos ecosistemas?</i></p>
---	---

SOLUCIÓN

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
C	D	A	A+B+D	B	C	A+C	A	C	B	D	A

As solucións da Proposta de Trabajo poden verse en *Descargar documentos*, na carpeta que contén a **Guía do Alumno 2º Bioloxía. Bacharelato semipresencial e a distancia. Xunta de Galicia. 2003**